

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO VII — NÚMERO 193 — 1.º OCTUBRE 1923

DO MOMENTO ACTUAL

## RENOVACIÓN

*Os militares fixéronse donos de Hespaña, e botaron á todolos políticos que constituían os Gobernos do desgobierno.*

*Esto solo, é unha boa acción dina de louvanza. Nós, que decote combatimos a noxenta politiquería, que laboramos por espertar a conciencia cidadá e derrubar o caciquismo que impedia o progreso do país, temos que ver con simpatía ese xesto que coidamos ben feitor porque vai contra sa ruíns cobizas persoalistas dos gobernantes, contra as torpezas ademanistrativas, contra os fracasos lexislativos que combatimos sempre.*

*Pero nas declaraciós do xefe d'este movemento vemos que ten acollida a posibilidade d'unha descentralización administrativa; que se admite, como non podía menos de soceder, o uso dos idiomas rexionais; que se suprimirán quizais a actuaes Diputaciós provinciales. E todo esto xa é un adianto das nosas ideas e das comenencias do noso pobo escravizado por un caciquismo crudel e rutinario que se derruba para sempre se cantos arelan o desenvolvemento progresivo do país impiden no sucesivo que a ruin semente volte a dar froito.*

*Non podemos ainda xusgar exactamente o momento actual porque non hai feitos concretos que revelen o bon éxito definitivo d'esta renovación imposta pol-a forza armada; non podemos tampouco nos poñer por enteiro da banda dos renovadores porque o seu mesmo carácter de xefes militares que imponen un criterio e unha actuación determinada pol-a forza das armas fainos temer un autoritarismo que poidera facer que se trocase en perxudicial un movemento, unha renovación, que encomeza ben; mais, polo d'agora vemos con simpatía o intento de renovación, e desexamos que os novos directores encargados de realizar a reorganización do Estado non esquenzen que Hespaña está formada por varias rexións perfectamente definidas e diferentes entre si, que recruman leises especias pol-as suas tamén especias condicíos de vida, e ds que é preciso atender estudiando os seus problemas e as suas comenencias, e lles proporcionando aqueles medios que o desenvolvemento da sua riqueza particularísima precisan.*

*O xefe do Directorio militar fixo declaraciós que nos fan supoñer un posibre estudo do que cada rexión precisa de por si, e se esto se fai atendendo ás suas necesidades xustísimas, que son as peticiós costantes dos rexionalistas, será o maior trunfo conquerido pol-as nosas prédicas e unha proba de que as cobizas e as arelas que nos animaban non eran causa vâ senon xusta, razonable e necesaria para o engrandecimento da Patria.*

## Galicia aldraxada

O consul hespán en Veracruz (México) acaba de aldraxar d'un xeito baixo e ruin a Galicia.

Visitaba o Círculo Hespán Mercantil d'aquel pobo, en cuio salón de actos hai varios cadros representando a todolos rexións de Hespaña, e ao chegar diante do que representa a Galicia, proferiu estas verbas: *Este es el punto negro de España. Los gallegos son una raza inferior que no pueden servir más que para los oficios más humildes.*"

O cónsul de Cuba, que o acompañaba, saiu á nosa defensa, decíndolle que a colonia galega de Cuba era un motivo de orgullo para Hespaña e Cuba e que era a mais adiantada de ... alas residentes na illa de Cuba.

Casi foron estas mesmas palabras as pronunciadas polos dous cónsules. Ao de Cuba témoslle de agradecer moito a defensa que de nós fixo n'un momento en que éramos aldraxados por quien mais debía nos defender, como parte integrante que somos do Estado que él representa.

Ao hespán, D. José María Sampere, teríamoslle moitas cousas que decir se o tivéramos a man. Adivíneas quen esto lea e queremos poñer no conocimento dos rexidores do Estado hespán este feito que nós xusgamos debía ser condenado o mesmo por ser realizado por un representante d'él que por atoparmos en tal acto un matiz de fondo disgusto para a colonia galega honrada e traballadora que debe merecer mais respeito.

## Hai que aproveitar o momento

Agora que nas esferas da política hespánica estáse facendo unha revolución renovadora, é o momento preciso para facer ouvir a voz da nosa Terra, que tén necesidade de cuter certas ventaxas para se librar por sempre das hebras caciques que vivindo á conta d'ela impoñíbala o seu desenvolvemento, matándolle a vitalidade e mermándolle forzas para se desenvolver libremente d'un xeito apropiado aos seus medios de vida.

E temos que pedir se conceda ás vilas galegas o derecho á elección dos representantes en Cortes, desligándolas para esto das atuas circunscripcións que someten as cidades ao que disponen as organizacións caciques das aldeas limítrofes, e que se impoña a representación proporcional.

Temos que pedir a supresión das Diputaciós provinciais, riño de malas artes, de enredos, de falcaturadas, e a creación da Mancomunidade galega.

Temos que pedir a supresión dos foros.

Temos que pedir que o reparto de consumos nas aldeas se faga por un procedimento xusto e equitativo para que non poida ser mais arma e vinganza de caciques.

E temos que pedir tamén unha amplia autonomía. A descentralización ademanistrativa que permita adicar o dñeiro recaudado en Galicia para as propias necesidades do país, que sirva para atender aos nosos portos; ás nosas vías de comunicación de que estamos tan necesitados; á creación de escolas que tanto se precisan.

XAVIER FRAGA.

**Papel de fumar**

**NOROESTE**

## COUSAS

D'un xeito venébolo, mais venébolo do que merescían, foron botados do Poder os que o viñan ocupando sen a aquiescencia do país e laborando ao seu antoxo para se servir somentes a eles mesmos e aos seus amigos. Con eles desapareceron para sempre os políticos de oficio. Os que trouxeron a España a un estado que non podía continuar pol-a podredumbre e situación ruinosa en que se atopaba por obra e gracia d'eles mesmos. Falla facía unha basoira que barrese a tales xentes e limpase as altas esferas do Estado. A cousa tén moitos aspeitos. Imos falar de algo do que mais nos atañe a nós, aos gallegos.

Galicia, como parte integrante do Estado español, viña sendo gobernada por esos homes, moitos d'eles nascidos en Galicia, ainda que eu coido non merescerón nunca o calificativo honroso de gallegos. Non é perciso recordar aquí a forma en que gobernaban. Nunca as aspiracións de Galicia, ainda aquelas mais xustas, foron atendidas compridamente nin a medias por quienes viñan ocupando uns postos dos que o poboco'a sua mansedumbre os non botou. O mesmo que con Galicia sucedía co resto de España.

Trocáronse as cousas e os que hoxe gobernan teñen prometido ao país unha gobernación mais xusta atendendo nada mais que ao interese do propio pobo.

Non é ainda hora de xusgar se ha de ser ou non certo. Pol-o de pronto temos conquerdido xá o acabamento das oligarquías caciquís. En Galicia rematáronse os Bugallales, os Riestras, os Gassets, os García Prietos, os Viturros e tantos mais desgraciadamente de nós ben conocidos. Estase limpando e saneando a administración do Estado. Pódese casi asegurar que o que foi hasta agora morreu para sempre. Ainda que os actuás gobernantes fracasaran, o pobo abriu xá os ollos e dende logo cabe confiar en que os outros non voltarán endexamais porque o pobo, se non morreu definitivamente como colectivididade, o non consentirá.

España é un conxunto de pobos de características diferentes e de diferentes necesidades vitás. Canto mais fortes e canto mais grandes sexan as partes mais forte e mais grande será o conxunto.

En atender ás partes é precisamente onde más especial cuidado débese poñer.

A maneira antinatural e torta con que se veu tratando este asunto creou a necesidade de que en cada pobo xurdira un movemento rexional que en algúns chegou a conquerir fortes caracteres. Eses movementos reclamaron dos pasados gobernantes unha atención que eles non comprenderon ou non quixeron comprender. Aqueles movementos cundiron mais adiantaron en intensidade debido mais principalmente a lles non prestar a atención que merescían.

En Galicia, como era natural, sucedeu o mesmo. A solución tiña que vir de arriba xá que os respetivos pobos, agás algún, non pensaban todos do mesmo xeito e non estaban d'abondo capacitados mais que nada polos moitos interesados que había e hai en que aquel estado de cousas continuase por se beneficiar eles principalmente, importándolos moi pouco o resto.

Veu a nova situación e necesariamente esos movementos de reivindicación e adianto rexional teñen que ficar parados no seu andar agardando as soluciós vindeiras. Hai a promesa de que se atenderá ás necesidades rexionáis. Xá é algo. Se esto fixerase mais antes poidera ser que ningún se lle ocurriría falar de xeito extremo. E mais que decretos de represión fan falla unhas leis que permitan desenvolver libremente as vidas das rexións non mermando os seus dereitos nin atacando ao que constitúa o seu patrimonio. A sua propia vida en todolos seus aspeitos.

Hai no mundo Estados, os más adiantados, que están

organizados á base dos diferentes pobos que o componen. Ollese Alemania, Suiza, os Estados Unidos. Fágase de España un pobo así e ollaredes como terá desaparecido para sempre o terrible fantasma do arredismo. Fomentárono mais os gobernantes que os mesmos que así se chamaban.

Agardemos, pois, á ver que pasa e vexamos se c'oa promesa de millor gobernación atopan os pobos do Estado español algunha solución ao seu problema, que penso non debe deixar de ser estudiado con fonda atención e co ánimo disposto a lle dar unha solución armoniosa e de proveito para as partes e para o conxunto, agardemos.

VICTOR CASAS.

## Biblioteca da Irmandade

Adequirido un fermoso moble-libreiría para a nosa biblioteca, rogamos aos irmáns nos axuden na nosa labor enviando libros.

Temos recibido xá de doña Francisca Herrera os seus tomos de versos e prosa "Sorrisas e bágoas", "Almas de muller" e "Néveda".

D. Euxenio Carré Aldao enviounos 18 volumes de diversos autores.

Os irmáns Carré Alvarellos fixéreronos tamén das suas obras.

**A cultura fai os pobos libres. Axudando as "Escolas do Insino Galego" traballades pol-a libertade da Patria**

**As "Escolas de Insino Galego" á par que unha cultura xeneral darán aos homes de mañán unha Patria de que agora carecen**

A IRMANDADE DA FALA DA CRUÑA

## UNHA REITIFICACIÓN

O xornal cruñés "La Voz de Galicia" publicou, non sabemos con qué intención, o día 15 dos correntes, unha nota onde decía que a "Irmandade" tiña celebrado unha xunta xeneral que foi causa para que se marcharan da "Irmandade" dous membros significados d'ela.

Como a noticia carece de verdade, interésanos facelo constar así para conocimento dos demás nacionalistas de Galicia.

Nin é certo que se celebrara a xunta nen tampouco, por conseguinte, que ningún irmán fóraxe da "Irmandade". Pedimos reitificación ao dito xornal e fixoo d'un xeito que non nos convenceu nen pouco nen moi, xá que a forma en que foi feita deixaba lugar a dúbida.

Conste, pois, que a noticia é completamente falsa. Non sabemos a intención que se perseguía ao publicala, pero dende logo non debía ser moi boa, conoscendo a fondo o carácter da "Voz" e dos seus inspiradores.

Somentes deben merecer creto as noticias que encol de asuntos de tal natureza ou parecida publiquemos, se algúnhase pasara, no noso idearium "A nosa Terra".

E finalmente aconsellamos á "Voz de Galicia", que ande con cuidado ao dar noticias de tal crás, pois non permitimos que connosco se xogue; ademais de que a pacencia tén tamén os seus líndeiros. Por esta vez queda a cousa así, quedando tamén "A Voz" nun lugar que lle non envexamos.

Fume vostede con papel

**NOROESTE**

# TEATRO GALEGO

## O NOSO CERTAME

Encomenzamos á recibir obras para o certame dramático que ten abierto esta Irmandade.

No noso poder figuran xa "O grorioso" e "Lenda tráxica".

Lembramos que o prazo de ademisión pecharase no 30 de Novembro.

Agardamos que este certame será un dos mellores celebrados pola cantidad e calidad das obras.

## ESCOLA DRAMATICA GALEGA

Brevemente reanudará a sua actuación no salón-teatro da Irmandade da Fala esta notabre agrupación que tantos éxitos leva conqueridos e tan escelente labor ven realizando.

Entre as obras que representará esta temporada figuran algúns estrenos de gran importancia, debidos a diferentes e notabres escritores galegos que queren contribuir co seu esforzo ao florecimento de Teatro rexional.

Na Irmandade da Fala está aberta a matrícula para as señoritas e señores que desexen pertenecer a esta culta e patriótica agrupación.

## ESTRENO D'UNHA ZARZUELA

O 25 do corrente estrenouse no teatro Rosalía Castro

a zarzuela galega en dous actos "Entre o deber e o querer", que conqueriu un grande éxito.

E autor do libreto o veterano escritor rexional don Galo Salinas, e da música os xóvenes D. Xesús González e D. Faustino del Río. Todos eles merescen aprausos polo feliz intento de encamiñar o noso teatro neste senso, que pode ser de gran importancia se os coros rexionais acertan á ver a sua orientación na zarzuela, na opereta, nos grandes conxuntos artísticos.

A obra "Entre o deber e o querer" non está mal trazada; ten escenas ben estudiadas, cómicas e dramáticas, e sirve de motivo para a música que os compositores, dous mozos ainda, souperon tecer con gusto, revelando canto poden facer neste arte se o bon desexo continúa animándoos.

E lástima que a interpretación non dese todo o relevo que a obra merece; mais como simples amadores sen condicións para o canto fixeron o que poideron.

As decoracions de Souza, moi en carater e vistosas.

O noso aprauso e os nosos alentos para todos.

## A NOSA TERRA precisa ter corresponsás administrativos en todolos pobos da Terra

**Quen queira prestar unha pequena axuda á nosa patriótica obra diríxase ao administrador do noso boletín, quen donará detalles e as condicións de retribución. Pouco traballo leva isto aparellado e en troques pódese facer moito polo ben da Terra e da Causa nacionalista**

*Alojamiento.*—Aloxamento, casa cuberta, hospedería.  
*Alojar.*—Aloxar, agasallar, recibir.  
*Alomado.*—Alombado, eslombado.  
*Alomar.*—Alombar, eslombar.  
*Alón.*—Ala, áa.  
*Alparagata.*—Alperca.  
*Alpargatero.*—Alperqueiro.  
*Alquería.*—Casal, casa labrega.  
*Alquilar.*—Alugar.  
*Alquiler.*—Aluguer.  
*Alquitrán.*—Chapapote, alquitré.  
*Alrededor.*—Arredor.  
*Alta.*—Alta.  
*Altamente.*—Altamente.  
*Altanería.*—Altaneiría, altiveza.  
*Altanero.*—Altaneiro, soberlo.  
*Altar.*—Altar.  
*Altea.*—Malvavisco.  
*Alterable.*—Alterabre.  
*Alteración.*—Alterazón.  
*Alterar.*—Alterar, trocar, mudar, anovar, avolver.  
*Altercado.*—Custión, alterczón.  
*Altercar.*—Custionar, rifar, porfiar, discutir.  
*Alternar.*—Alternar.  
*Altitud.*—Altitude.  
*Altives.*—Altiveza.  
*Altivo.*—Altivo, soberbo.  
*Alto.*—Alto, outo, alteiro.

— 28 —

*Alelado.*—Esvairado, parvo, alpabarda, atordoad.  
*Alelar.*—Esvairar, atordear.  
*Aleuya.*—Aleluia.  
*Alentar.*—Alentar, encoraxar, encirrar, arrumar, esforzar.  
*Alerce.*—Ameneiro.  
*Alero.*—Aleiro.  
*Alertar.*—Asexar, alertar.  
*Alerta.*—Axexo, atenzón.  
*Aletã.*—Aleta.  
*Aletear.*—Aletexar, esvoazar, alevar, barniar.  
*Alecto.*—Aletexo, aleo.  
*Alice.*—Aleive.  
*Alevosamente.*—Aleivosamente.  
*Alevosía.*—Aleivosía.  
*Alfalfa.*—Alforfa.  
*Alfanje.*—Alfanxe.  
*Alfar.*—Barredo.  
*Alfarero.*—Barreiro.  
*Alfiler.*—Alfinete.  
*Alfilitero.*—Agulleiro.  
*Alfombra.*—Alfombra, alcatifa.  
*Alfombrar.*—Alfombrar, alcatifar.  
*Alforja.*—Alforza.  
*Alga.*—Alga, argazo.  
*Algarabía.*—Algareo, barullo.  
*Algarada.*—Algueirada, barullo.  
*Algarrobo.*—Alfarrobeiro.  
*Algazara.*—Algareo, troula.

— 25 —

## Cousas que pasan

O diario local "El Noroeste", orgo d'un agrarismo gallego de feitura sindicalista-católica, añadeu un novo color ó seu xa irisado escudo. Eran, como se sabe, moi variados os tons dos seus *campos*. Dende o negro do fume hasta o branco de neve, pasando polo gris anodino, tiña unha gamma xeitosa e atraitiva. Faltaballe o roxo. Mais como non repará en cativeces, salvou esta falta pintándoo, e moi vivo, no cuartel central. Que sea noraboa. Coñecíamos a condición camaleónica do coleguiña, pero iñorabamos que a tivese tan axeitada.

\*\*\*

O mesmo xornal, que agora ten ó seu cárrego a nota cómica, no seu afán de consagrar os seus esforzos ó novo réxime político, non deixa pasar día sin recadar un consello, unha loubanza ou unha confidencia benfeitora. E todo con xuvenil ardimento, con entusiasmo de neófito.

Falaba días pasados, nun editorial, das adhesións qu'os gobernantes auftiales están recibindo de todas partes e de persoas de todas as sinificaciós, é, como cancerbeiro celoso do seu deber, berraba espantado: ;Coidado cós que queren aproveitarse! ;Selecionade aos que s'adhieren! ;Que non todos son de recipro! E non faltaron maliciosos que coidasen a autitude exclamatoria de "El Noroeste" moi semellante a d'aqueles delincuentes que, según Lombroso, sin-

tido a atraición do seu delito, volven con frecuencia ao lugar onde o fixeron.

\*\*\*

Mais eso, solo os maliciosos o pensan. Os demais, non. Somos mais xustos. ¿Que en menos de tres anos pasou "El Noroeste" desde Romanones a Sánchez Guerra, despois de chamarse correlixionario, sucesiva ou simultáneamente, do finado Leonardo Rodríguez, de Portela Valladares, de Basilio Alvarez, de José del Moral e d'outros mais? Non importa. Os espíritos selectos non poden ter acougo. No seu insaciabre desexo de perfección, buscan de cote o que coidan mellor para a saude da Patria. Así era Maquiavelo. E si os de "El Noroeste" participan da inquietude do seu vello mestre, ¿qué culpa teñen eles, pobres maquiavellos domésticos nosos, de non ser debidamente comprendidos?

\*\*\*

Houbo ainda quen sobre do mesmo tema decía: E un caso de esquizofrenia fulminante. Pero esto non pasa de ser un xuicio de "snob". Para mí, o feito responde a unha necesidade fisiolóxica: a mesma que fai que o can famento ande ao cabo, un despois d'outro, de cantos lle ofrecen a perspectiva do codelo que cobiza.

XOSE DE COUTO.

**Lea vostede o próximo número de  
A NOSA TERRA**

*Álgebra*.—Álgebra.

*Algo*.—Algo, algunha cousa, un pouco, un anaco.

*Algodón*.—Cotón.

*Alguacil*.—Alguacil.

*Alguien*.—Alguén.

*Algún*.—Algun, algures.

*Alguno*.—Algún.

*Alhaja*.—Alaxa, alfaya.

*Alhajar*.—Alaxar, alfayar.

*Alheña*.—Alfaneiro.

*Alhondiga*.—Alfández.

*Aliado*.—Aliado.

*Alianza*.—Alianza.

*Aliarse*.—Se aliare.

*Alias*.—Alcume.

*Aliento*.—Alento, bafo, folgo, ár.

*Alifafe*.—Aliface.

*Aligerar*.—Alikeirar, bulir, espilar.

*Alijar*.—Alixar.

*Alimentación*.—Mantenza.

*Alimentar*.—Manter, entear, nutrit.

*Alimento*.—Mantenza, sustento.

*Alinear*.—Alinhar, poñer en ringleira.

*Aliñar*.—Amañar, compôr.

*Alisar*.—Adoar.

*Alistado*.—Riscado, alistado.

*Alistar*.—Alistar, amañar, dispôr, arranxar, asentar.

*Aliviár*.—Aliviár, mellorar, acougar.

*Alivio*.—Alivio, melloría.

*Aljibe*.—Alxibe.

*Aljófar*.—Alxofre.

*Alma*.—Alma.

*Almacén*.—Almacén.

*Almacenar*.—Almacenar.

*Almadraba*.—Almadraba.

*Almadreña*.—Zoca, chanca.

*Almanaque*.—Almanaque.

*Almear*.—Palleiro.

*Almeja*.—Ameixa.

*Almena*.—Almea.

*Almendra*.—Améndoа, arzola.

*Almendro*.—Amendoiro.

*Almíbar*.—Almibre.

*Almidonar*.—Almidoar.

*Alminar*.—Almiar.

*Almirantazgo*.—Almirantado, almirantía.

*Almirante*.—Almirante, almiral.

*Almirez*.—Almofariz.

*Almisele*.—Almiscar.

*Almoada*.—Almofada, cabezal, traveseiro.

*Almohadilla*.—Almofadela, almoda.

*Almoneda*.—Almoeda, leilón.


*Almorranas*.—Almorranas.

*Almorzar*.—Xantar.

*Almuerzo*.—Almorzo, xantar.

*Alocado*.—Tolo, aloucado.

*Alocución*.—Alocuzón.



Rincós coruñeses:

Plazuela das Bárbaras.

Por R. Camino.

## Letras irmás

Quando eu morrer, abram-me o peito  
E desta jaula onde houve um leão  
Tiren (o cárcere era estreito)  
Meu velho e altivo coração.

Dempois, sen dô e sem respeito,  
Sem un murmurio de orazão  
Larcen-no assim! vai satisfeito.  
Â vale escura, à podridão...

† GUERRA JUNQUEIRO.

Nas escolas en que se prohíbe aos nenos falar no idioma da Terra mátase o sentimento da Patria e incúlcase nos alumnos o desprecio á propia persoalidade

As "Escolas do Insino Galego" tenden a facer homes e non parias

## DISPONÍBRE

Este número de  
**"A Nosa Terra"**  
foi sometido á censura

Tip. EL NOROESTE, Real, 26


# CAMILO DIAZ BALIÑO

Huertas, 37

## Santiago de Compostela

## TALLERES DE PINTURA DECORATIVA

Decoracíós pra Teatro en papel especial e tela con duas ou mais transformaciós -- Especialidade en asuntos e paisaxes gallegos -- Decoracíós pra Teatros pequenos e salós familiares -- Pantalías especiaes pra Cine -- Construcción de Carrozas e Arcadas para festas  
Traballos de propaganda -- Restauración e decoración d'Altares e imáxines  
Construcción de Monumentos de Semana Santa -- Paneaus decorativos e decorado de Salós en todos estilos, ao óleo y ao temple--Imitación de tapices con asuntos de pinturas antigua e modernas :::: PREZOS ECONOMICOS



Edificio do «Kiosco Alfonso» - Paseo de Méndez Núñez

**Kiosco Alfonso**

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez  
E o preferido do público. O melhor local de verão.

# **Gran Restaurant**

## **NO PISO ALTO**

Fermoso Salán-Gamero

**Luxosa instalación  
Servicio esmerado**

**Cuberto: 4'50 pesetas.**

# NOVELTY

**Planchadeiro de moda - Grandes talleres**

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12

VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursais na Cruña: Estreita de San Andrés, 12

Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todas as nosas sucursais ostentan un letrero como señal, que, reproducen a marca de garantía xa conocida.

Recíbense encáregos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursais. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus deseños de mandar os seus encáregos.

## Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Frontera, fundada en 1734. A casa más antiga de Xerez.

## O vermouth máis selecto

de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

## Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2º piso-A Cruña

# BANCO HISPANO-AMERICANO

M A D R I D

**Capital: 100 millós de ptas.**

**Dirección telegráfica: HISPAHER**

### SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hispánicos e extranjeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranjeiras. — Cartas de creto, e xiros sobre todos os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e estrangeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	à vista.
2 1/2	por	100	id. id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id. id.	a 6 id.
3	por	100	id. id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranjeira abonando intreses a tipos convencionais.

# Banco Español del Río de la Plata

**SUCURSAL NA CRUÑA - CASA MATRIZ: BOS AIRES**

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (ineruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTÉ FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da Repúbrica

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda cráis de operacions bancarias nas condicíos más favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranjeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000  ptas., . . . . .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano. . . . .	4	"	"
A más prazo . . . . .			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

# Vida Marítima e Comercial



## Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correlos a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROVISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

HOLM 6 de Octubre

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira crás..... 422'60

Idem en camarotes pechados ..... 442'60

(Incrúidos todolos impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: Roxelio Fernández Conde.—Feijoo, 4, baixo.—A Cruña.



## Sud-Atlántica

## Chargeurs Reunis

### PROXIMAS SAIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de força e dous hélices,

#### Precios en terceira crase (incluídos impostos)

8 Octubre	MOSELLA	Ptas. 412,60
13 Octubre	AURIGNY	Ptas. 412,60
27 Octubre	DESIRADE	Ptas. 412,60
5 Noviembre	ALBA	Ptas. 422,60
10 Noviembre	QUESSANT	Ptas. 412,60
24 Noviembre	LIPARI	Ptas. 412,60

Precios en primeira crase a Buenos Aires: 1.150 ptas.

En segunda crase a Buenos Aires: 888 ptas.

(Suxetos as variacíos do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e café cuberto, independentes. Precio n'esta clase: é o corriente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas, incluídos impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacíos a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerais en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas Chargeurs.

## Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

### SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saidas da CRUÑA para Pernambuco, Bahia, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.

Precio en terceira cras  
(incluidos impostos)

Correo rápido	Orania	6 Octubre	435,60 ptas.
Correo rápido	Zeelandia	22 Octubre	425,60 ptas.
Correo rápido	Flandria	3 Noviembre	442,60 ptas.
Correo rápido	Gelria	24 Noviembre	442,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viajan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cociñeiros hespaños.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maiores de 10, pasaxe entero. Para cumplimentar as disposicións arxentinas é indispensabre que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

## Sobriños de José Pastor

### BANQUEIROS

#### Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

## Fernández, Torres y C. ñia

#### Casa central: A CRUNA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... | Urbano 75 e 78  
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1

Teléfono 253